

O futuro dixital de Europa: que agardar ata 2030?	
<b>Data</b>	8 de xuño de 2022
<b>Lugar</b>	En liña
<b>Organización</b>	Fundación Galicia Europa
<b>Asistentes</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>▪ Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA)</li><li>▪ Vicepresidencia primeira e Consellería de Economía, Empresa e Innovación</li><li>▪ Consellería de Facenda e Administración Pública</li><li>▪ Consellería de Medio Rural</li><li>▪ Axencia Galega de Innovación (GAIN)</li><li>▪ Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE)</li></ul>
<b>Relator</b>	<b>Jorge Remuiñán Suárez</b> , responsable de políticas na Dirección Xeral de Redes de Comunicación, Contido e Tecnoloxías da Comisión Europea (DG CNECT)

## INTRODUCCIÓN

Neste quinto encontro virtual de 2022, o relator abordou os retos da transformación dixital na UE. Para iso, fixo alusión á Década Dixital de Europa e ó Compás Dixital, facendo especial fincapé en iniciativas como a Lei de servizos dixitais, a Lei europea de Chips ou a Lei de Mercados Dixitais.

A sesión foi inaugurada por Ana Ramos, directora da oficina de Bruxelas da Fundación Galicia Europa, quen subliñou a necesidade de fomentar a participación e o compromiso de todas as partes interesadas, incluídas as rexións, e indicou, nesta liña, que Galicia xa lanzou a súa Estratexia dixital para 2030. Ana Ramos tamén destacou as actuacións contempladas na Estratexia para a transformación de Galicia, dirixidas a impulsar a adopción de tecnoloxías disruptivas, a posta en marcha do marco de competencias dixitais e a dixitalización da administración pública galega. Tras a intervención do relator e co ánimo de mostrar a perspectiva galega sobre esta materia, tomou a palabra María Bobillo Varela, directora da oficina de Apoio Estratéxico e Planificación da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA).

## RESUMO DA REUNIÓN

### CONTEXTO

#### A Década Dixital de Europa: o Compás Dixital 2030 e o Itinerario cara a Década Dixital

Se ben a dixitalización pode unir ás persoas e abriu novas oportunidades, tamén pode aflorar unha serie de problemas e riscos no eido dixital, como as diferencias existentes entre os espazos urbanos e rurais ou entre grandes empresas e pomes. Para intentar acadar con éxito a transformación dixital de Europa de aquí a 2030, a Comisión Europea presentou, en marzo de 2021, unha visión común e un plan de acción: o *Compás Dixital 2030*.

O *Compás Dixital 2030* apoíouse en catro piares: man de obra cualificada, infraestrutura física, dixitalización dos servizos públicos e transformación dixital das empresas. Tales piares vense reforzados por obxectivos concretos da UE de aquí a 2030: incrementar a produción de semicondutores ata acadar un 20% da produción mundial, contar co primeiro ordenador cuántico ou conseguir que o 75% das empresas empreguen servizos de computación na nube.

Pouco tempo despois, o executivo comunitario publicaría o Itinerario cara a Década Dixital, que constitúe unha proposta para crear un marco de gobernanza que permita acadar os obxectivos da Década Dixital, o cal se baseará nun mecanismo de cooperación anual no que participarán a Comisión Europea e os Estados membros.

Este mecanismo de cooperación consistirá en

- Un sistema de seguimento estruturado, transparente e compartido baseado no **Índice da Economía e a Sociedade Dixitais (DESI)** para avaliar os avances na consecución das metas de 2030.
- Un «*Informe anual sobre o estado da Década Dixital*», no que a Comisión Europea avaliará os avances e ofrecerá recomendacións.
- Follas de ruta estratéxicas plurianuais da Década Dixital nas que os Estados membros esbozarán as políticas e medidas planificadas ou adoptadas para contribuír a alcanzar as metas de 2030.
- Un marco estruturado para debater e tratar as áreas nas que os avances sexan insuficientes, mediante compromisos conxuntos entre a Comisión Europea e os Estados membros.
- Un mecanismo de apoio á execución de proxectos plurinacionais.

## A Cidadanía Dixital

O 26 de xaneiro de 2022, a Comisión Europea propuxo unha declaración interinstitucional sobre os dereitos e principios dixitais para a Década Dixital, que complementan os dereitos existentes, como os establecidos na Carta dos Dereitos Fundamentais da UE ou a lexislación sobre protección de datos e privacidade. Proporcionarán, ademais, un marco de referencia para os cidadáns sobre os seus dereitos dixitais, así como orientacións destinadas ós Estados membros e ás empresas para abordar as novas tecnoloxías.

Os dereitos e principios propostos consisten en:

- *Situar ás persoas e os seus dereitos no centro da transformación dixital:* as tecnoloxías dixitais deben protexer os dereitos das persoas, sustentar a democracia e garantir que todos os actores do sector dixital actúen con responsabilidade e seguridade.
- *Garantir a liberdade de elección en liña:* as persoas deben poder desenvolverse nun entorno en liña xusto, verse protexidas do contido ilegal e pernicioso e estar capacitadas para interactuar coas novas tecnoloxías, como a intelixencia artificial.
- *Aumentar a seguridade, a protección e o empoderamento das persoas:* o entorno dixital debe ser seguro e ofrecer protección. Todos os usuarios deben estar empoderados e protexidos.
- *Apoiar a solidariedade e a inclusión:* a tecnoloxía debe unir ás persoas, polo que todo o mundo debe ter acceso a internet, ás capacidades dixitais e ós servizos públicos.
- *Fomentar a participación no espazo público dixital:* os cidadáns poden participar no proceso democrático a todos os niveis e ter control sobre os seus datos.
- *Promover a sustentabilidade do futuro dixital:* os dispositivos dixitais deben favorecer a sustentabilidade e a transición ecolóxica. Os usuarios deben coñecer o impacto medioambiental e o consumo de enerxía dos seus dispositivos.

## A dixitalización en España

En España os servizos públicos-dixitais están moi avanzados, co obxectivo de que a maioría de servizos estea dispoñibles en liña ou en formato electrónico. Tamén existen moitos avances relacionados coa conectividade para eliminar os problemas que existen no rural. Tendo isto en conta, pódese sinalar que se evolucionou en liña coas esixencias da UE e que nos atopamos por riba da media Europea.

## INICIATIVAS

### Lei de servizos dixitais

A primeira Lei de servizos dixitais establece normas comúns sobre as obrigas dos intermediarios e a rendición de contas en todo o mercado único. Ademais, intentará abrir novas oportunidades para prestar servizos dixitais sen ter en conta as fronteiras ó tempo que garante un alto nivel de protección ós consumidores, con independencia do lugar onde residen na Unión Europea.

Obxectivos da Lei de servizos dixitais:

- Para os cidadáns: máis opcións a prezos máis baixos, menor exposición a contido ilegal e maior protección dos seus dereitos fundamentais.
- Para os provedores de servizos dixitais: certeza legal e harmonización das regras.
- Para empresas usuarias de servizos dixitais: máis opcións a prezos máis baixos, acceso ás plataformas dos mercados europeos e igualdade de condicións contra os provedores de contido ilegal.
- Para a sociedade: maior control democrático e supervisión das plataformas sistémicas e mitigación dos riscos sistémicos como a manipulación ou a discriminación.

Provedores contemplados:

- Servizos de intermediación, que ofrecen infraestruturas de rede: provedores de acceso a internet ou rexistradores de nomes de dominio.
- Servizos de aloxamento de datos: servizos en nube e de aloxamento web.
- Plataformas online, que reúnen a vendedores e consumidores: mercados en liña, tendas de aplicacións, plataformas de economía colaborativa e plataformas de redes sociais.
- As plataformas en liña de gran tamaño presentan riscos en canto á difusión de contidos ilícitos e nocivos para a sociedade. Contéplanse normas específicas para as plataformas que chegan ó 10% dos 450 millóns de usuarios europeos.

Entre as obrigas da Lei de servizos dixitais atópanse:

- Medidas para loitar contra as mercadorías, servizos ou contidos en liña ilegais.
- Novas obrigas sobre rastrexo de usuarios empresariais nos mercados en liña.

- Salvaguardas efectivas para os usuarios.
- Medidas de transparencia nas plataformas en liña.
- Obrigas para as plataformas en liña e os motores de procura de moi gran tamaño para evitar abusos dos seus sistemas grazas a medidas baseadas no risco e auditorías independentes.
- Acceso dos investigadores ós datos clave das plataformas e dos motores de procura de maior tamaño, coa finalidade de comprender como evolucionan os riscos en liña.
- Estructuras de supervisión para abordar a complexidade do espazo en liña: os Estados membros desempeñarán un papel principal, co apoio do novo Consello Europeo de Servizos Dixitais. No suposto da plataformas de moi gran tamaño, a Comisión Europea encargárase da supervisión e execución.

A Lei de servizos dixitais será directamente aplicable en toda a UE ou ben 15 meses despois da súa entrada en vigor ou ben a partir do 1 de xaneiro de 2024, se esta data é posterior. No que respecta ás obrigas das plataformas e dos motores de procura de moi gran tamaño, será aplicable catro meses despois de que se designe a súa entrada na categoría de plataformas e de motores de procura de moi gran tamaño.

### Lei de Mercados Dixitais

Establece un conxunto de criterios para considerar a unha plataforma en liña como “gardiá de acceso”. Estes criterios cómprense cando unha empresa:

- Ten unha posición económica forte, un impacto significativo no mercado interior e actividades en moitos Estados membros.
- Ten unha posición de intermediaria forte, o que permite poñer en contacto a unha ampla base de usuarios cun gran número de empresas
- Ten (ou está a punto de ter) unha posición arraigada e duradeira no mercado, o que significa que é estable no tempo se ha empresa cumpriu os dous criterios anteriores en cada un dos tres últimos exercicios.

Implicacións:

- As empresas usuarias que dependan dos gardiáns de acceso para ofrecer os seus servizos no mercado único contarán cun ecosistema empresarial máis xusto.

- Os innovadores e as empresas tecnolóxicas emerxentes terán novas oportunidades para competir e innovar nas plataformas en liña sen ter que cumprir cunha serie de termos e condicións inxustas que limitan o seu desenvolvemento.
- Os consumidores poderán elixir entre máis e mellores servizos, terán máis oportunidades de cambiar de provedor se o desexan e desfrutarán dun acceso directo ós servizos, polos que pagarán prezos máis xustos.
- Os gardiáns de acceso non poderán someter a practicas desleais ás empresas e clientes usuarios que dependen deles.

### Lei de Chips para Europa

En febreiro de 2022, a Comisión Europea propuxo un conxunto de medidas destinadas a garantir a seguridade de subministro e o liderado tecnolóxico da UE en materia de semicondutores, co animo de incrementar a produción de semicondutores ata acadar un 20% da produción mundial en 2030. Trátase pois dun paquete legislativo que engloba os seguintes elementos:

- Comunicación da Comisión Europea “ Lei de Chips para Europa”.
- Proposta de Regulamento polo que se establece un marco de medidas para reforzar o sistema europeo de semicondutores (Lei de Chips).
- Recomendación da Comisión Europea que propón establecer un mecanismo de coordinación entre os Estados membros.
- Proposta de Regulamento do Consello mediante o que se modifica o Regulamento polo que se establecen as empresas comúns no marco de Horizonte Europa, no que respecta á “Empresa Común de Microprocesadores”.

Neste novo contexto para garantir a seguridade de subministración, destacan as seguintes oportunidades de financiamento:

- Un “Fondo de Chips”, que comprenderá dúas oportunidades de investimento:
  - Un mecanismo de investimento de capital en semicondutores no marco de **InvestEU**, que proporcionará financiamento para apoiar ás pemes en expansión.
  - O Consello Europeo de Innovación de Horizonte Europa (EIC) ofrecerá, especialmente a través do seu Acelerador, posibilidades de investimento específicas en forma de subvencións e capital para as pemes innovadoras.

- A Empresa Común de Microprocesadores (unha reformulación da xa creada Empresa Común para as Tecnoloxías Dixitais Clave), ofrecerá apoio e financiamento á industria, pemes, asociacións industriais...a través de convocatorias específicas. Trátase dunha asociación público-privada enmarcada en Horizonte Europa, a cal conta na súa directiva con representantes da industria, os Estados membros e a Comisión Europea .

Mentres as propostas non son aprobadas polo Parlamento Europeo e o Consello da UE, a Comisión Europea xa anima ós Estados membros a iniciar os esforzos de coordinación con arranxo á súa Recomendación.

### Estratexia europea de datos

A estratexia europea de datos ten como obxectivo crear un mercado único de datos que garanta a competitividade global de Europa e a soberanía dos datos. Os espazos comúns de datos europeos garantirán a dispoñibilidade de máis datos para o seu uso na economía e a sociedade, mantendo o control das empresas e os individuos que xeran os datos.

A estratexia europea de datos propón:

- Adoptar medidas legislativas sobre gobernanza, acceso e reutilización de datos.
- Ampliar a dispoñibilidade dos datos abrindo os conxuntos de datos de alto valor que se conservan publicamente en toda a UE e permitindo a súa reutilización de forma gratuíta.
- Investir nun proxecto de gran impacto relativo á creación de espazos de datos europeos comúns e interconexión das infraestruturas na nube. Agárdase que os Estados membros e a industria invistan de maneira conxunta coa Comisión Europea no proxecto, que podería chegar a un financiamento total de 4 000 a 6 000 millóns de euros, dos cales a Comisión podería aspirar a financiar 2 000 millóns de euros.
- Permitir o acceso a servizos na nube seguros, xustos e competitivos, facilitando a creación dun mercado de contratación de servizos de procesamento de datos e creando claridade sobre o marco normativo aplicable á nube.

Dúas iniciativas derivanse desta estratexia:

- O Regulamento de Gobernanza de Datos: crea procesos e estruturas para facilitar o intercambio de datos por parte das empresas, os particulares e o sector público.
- A proposta de Regulamento sobre normas harmonizadas para un acceso xusto ós datos e a súa utilización (Lei de Datos): aclara quen pode xerar valor a partir do datos e en que condicións.

De aquí a 2025, agárdase que:

- Se acaden 10,9 millóns de profesionais dos datos, fronte ós 5,7 millóns en 2018, prestando especial atención a unha maior participación das mulleres.
- Se incremente o volume global de datos, dende 33 zettabytes en 2018 ata 175 zettabytes.
- Se aumente a proporción da poboación da UE con habilidades dixitais básicas, pasando do actual 57% a un 65%.

### Intelixencia Artificial (IA)

O 21 de abril de 2021, a Comisión Europea propuxo novas normas e medidas para favorecer a excelencia e a confianza na IA, que se corresponden coas seguintes:

- Unha Comunicación sobre o fomento dun enfoque europeo da intelixencia artificial.
- Unha proposta de Regulamento sobre Intelixencia Artificial que establece normas harmonizadas para a UE (Lei de Intelixencia Artificial). Esta aborda os riscos específicos que presentan os sistemas de IA e fixa estándares moi altos.
- Un Plan coordinado cos Estados membros, que intentará garantir a seguridade e os dereitos fundamentais das persoas e das empresas, ó tempo que reforza a adopción, o investimento e a innovación en materia de IA en toda a UE.

A Comisión Europea planea investir 1 000 millóns de euros ó ano, procedentes de Europa Dixital e Horizonte Europa. Tamén se desexa mobilizar 20 000 millóns de euros de investimento total ó ano na UE durante a próxima década. Ademais, o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR) prevé un obxectivo de gasto dixital de polo menos un 20%.

### Ciberseguridade


En decembro de 2022, a Comisión Europea e o Servizo Europeo de Acción Exterior (SEAE) presentaron unha nova Estratexia de Ciberseguridade da UE, que ten como obxectivo reforzar a resiliencia de Europa fronte ás ciberameazas e garantir que todos os cidadáns e empresas poidan beneficiarse de servizos e ferramentas dixitais seguros e fiables. A nova estratexia contén propostas concretas para a posta en marcha de instrumentos normativos e de investimento. Por outro lado, xa existe un Regulamento sobre Ciberseguridade da UE, que entrou en vigor en xuño de 2019 e introduciu un sistema de certificación para toda a UE e un mandato novo para a Axencia da UE para a Ciberseguridade.



## FINANCIAMENTO

### Programas de xestión directa da Comisión Europea

Os programas que financian a transformación dixital son Conectar Europa (conectividade e transformación dixital), Europa dixital (computación de alto rendemento, IA e ciberseguridade) e Horizonte Europa (investigación e innovación).



Fonte: Comisión Europea

### O Mecanismo de Recuperación e Resiliencia

O Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR) prevé un obxectivo de gasto dixital de polo menos un 20%. No suposto do Plan de Recuperación español, esta cifra chega ó 28,2 %, ou o que é o mesmo: 19 600 mil millóns de euros (dun total de 69 500 millóns de euros) son dedicados á transformación dixital. Así mesmo, o Plan tamén prevé a participación en proxectos transfronteirizos ou plurinacionais relacionados coa microelectrónica, coas tecnoloxías da comunicación, coa computación na nube ou con corredores 5G.

## Comentarios da AMTEGA

- A oficina de Apoio Estratéxico e Planificación da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) ten como obxectivo a definición, o desenvolvemento e a execución dos instrumentos da política da Xunta de Galicia no ámbito das tecnoloxías da información e comunicacións, e a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico.
- No eido dixital, a AMTEGA lanzou a estratexia Galicia Dixital 2030. Esta é unha estratexia deseñada polo Goberno galego como un marco dixital común que facilite a actuación das tres administracións (nacional, rexional e local) nun mesmo territorio de maneira, buscando as sinerxías e a suma de esforzos para consolidar a transición dixital en Galicia.

A estratexia conta con: i) 7 eidos estratéxicos que potenciarán solucións dixitais para dar resposta ós novos retos sociais, económicos e ambientais; ii) un eixe estratéxico transversal que promoverá a especialización tecnolóxica reforzando as capacidades e infraestruturas dixitais de Galicia en tecnoloxías disruptivas e garantindo o seu uso na economía e sociedade; iii) 20 programas -algúns deles de carácter sectorial- que converterán en operativas as distintas áreas de actuación para a consecución dos obxectivos establecidos en cada eixe estratéxico. Cada programa englobará múltiples iniciativas e/ou proxectos, que se executarán para dar resposta ás áreas de actuación de cada eixe estratéxico.

- Destacase nodo galego de ciberseguridade CIBER.gal, conformado polas administracións públicas galegas e institucións privadas que, de xeito colaborativo, buscan facer fronte á crecente ameaza que supoñen os ciberataques.
- Estase realizando un estudo coas universidades galegas sobre o potencial impacto das enerxías intelixentes de Galicia. Neste sentido, a AMTEGA preocúpalle a ética na IA e as competencias dixitais da cidadanía.

## ENLACES DE INTERESE

### ESTRATEGIAS GALEGAS

- [Estratexia Galicia Dixital 2030](#)
- [Estratexia galega de Intelixencia Artificial 2030](#)
- [Estratexia para a transformación de Galicia](#)

### LEXISLACIÓN

- [Comunicación](#) da Comisión Europea. “*Compás Dixital 2030: o enfoque de Europa para o Decenio Dixital*”
- [Proposta de Decisión](#) do Parlamento Europeo e do Consello de 15 de setembro de 2021, polo que se establece o programa de política “*Itinerario cara a Década Dixital*” para 2030
- [Comunicación](#) da Comisión Europea. “*Formulación dunha Declaración Europea sobre os Dereitos e Principios Dixitais para a Década Dixital*”
- [Proposta de Regulamento](#) relativo a un mercado único de servizos dixitais e polo que se modifica a Directiva 2000/31/CE (Lei de servizos dixitais)
- [Proposta de Regulamento](#) sobre mercados disputables e equitativos no sector dixital (Lei de Mercados Dixitais)
- [Comunicación](#) da Comisión Europea “*Lei de Chips para Europa*”
- [Proposta de Regulamento](#) polo que se establece un marco de medidas para reforzar o sistema europeo de semicondutores (Lei de Chips)
- [Recomendación da Comisión Europea](#) sobre un conxunto de instrumentos comúns da Unión para facer fronte á escaseza de semicondutores e un mecanismo da Unión para o seguimento do ecosistema de semicondutores.
- [Proposta de Regulamento do Consello](#) mediante o que se modifica o Regulamento polo que se establecen as empresas comúns no marco de Horizonte Europa, no que respecta á “*Empresa Común de Microprocesadores*”.
- [Comunicación](#) da Comisión Europea. “*Unha Estratexia Europea de Datos*”

- **Regulamento** 2022/868 relativo á gobernanza europea de datos (Regulamento de Gobernanza de Datos)
- **Proposta de Regulamento** sobre normas harmonizadas para un acceso xusto ós datos e a súa utilización (Lei de Datos)
- **Comunicación** da Comisión Europea. “*Fomentar un enfoque europeo en materia de intelixencia artificial*”
- **Proposta de Regulamento** polo que se establecen normas harmonizadas en materia de intelixencia artificial (Lei de Intelixencia Artificial)
- **Comunicación** conxunta da Comisión Europea e do Alto Representante da Unión para Asuntos Exteriores e Política de Seguridade. “*A Estratexia de Ciberseguridade da UE para a Década Dixital*”
- **Regulamento** (UE) 2019/881 sobre a Ciberseguridade

#### OUTROS

- **Nota de prensa:** *A Xunta e a Comisión analizan os retos da transformación dixital na UE*
- **Noticia FGE:** *O Compás Dixital: a proxección dixital de Europa para a próxima década:*